

SECRETARIA DE
GOBERNO LOCAL

CONCELLERIA DELGADA DE
ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



RESOLUCIÓN DE ACCESO A INFORMACIÓN **Expte 1720-1102**

ANTECEDENTES

En data 31.07.2024 remítese a través de pleno solicitude concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Fernando González Abeijón solicitude de visualización, entre outros e referido a Secretaria de Goberno Local, do expte 1459-1102.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local (LRBRL)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a la información pública e bo goberno
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locales (ROF)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común (LPAC)
- Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Vigo (ROM)
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo a protección das personas físicas no que respecta ao tratamento de datos personais e la libre circulación de estos datos (RGPD).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do solicitante

O Sr. Sr. Fernando González Abeijón, ostenta a condición de concelleiro da Corporación polo que de conformidade co artigo 77 da LRBRL lle corresponde o dereito a obter do Alcalde ou Presidente ou da Xunta de Goberno Local cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

O artigo 7.4 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Vigo determina << os concelleiros, previa petición presentada no Rexistro do Pleno, sen necesidade de xustificación, obterán do Alcalde para a súa consulta e exame, cantos expedientes, antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2024 11:23	Páxina 1 de 4
1720-1102	CSV: AEA159-EE38DF-47478B-3Y522D-X1MS3D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SECRETARIA DE
GOBERNO LOCAL

CONCELLERIA DELGADA DE
ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



A petición non se referirá a cuestións xenéricas ou indiscriminadas e concretará o obxecto da información; resolverase e materializará nos cinco días naturais seguintes ao da presentación; entenderase outorgada por silencio se non se dita e notifica Resolución denegatoria fundada en tal prazo.>>

A disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno determina que rexeranse pola súa normativa específica, e por esta lei con carácter supletorio, aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información.

Cómpre sinalar que por Resolución da Alcaldía de data 20.06.2023 delegou nos concelleiros delegados de área de Goberno a resolución das solicitudes formuladas polos concelleiros/as no exercicio do seu dereito á información que se remitirá a través da Secretaría Xeral de Pleno.

SEGUNDO.- Da solicitude formulada

O voceiro do grupo municipal do PP no seu escrito solicita respecto aos expedientes que se tramitan dende a Secretaria de Goberno Local (buzón 1102) acceso ao expediente 1459-1102 relativo ao acceso a información pública en materia da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Procede conforme o artigo 77 da LRBRL e 7.4 do ROM facilitar ao concelleiro o acceso a dito expediente mediante a súa visualización na xestión de expedientes.

TERCEIRO.- Da protección de datos

Nos expedientes nos que constan datos de terceiros o acceso dos concelleiros por razón das funcións deberán rexerse, á parte do deber de reserva imposto pola normativa de réxime local (artigo 16.3do ROF) polo principio de limitación da finalidade (artigo 5.1.b) e polo principio de integridade e confidencialidade (artigo 5.1.f) establecidos no RGPD.

O principio de limitación da finalidade (artigo 5.1.b do RGPD) implica que calquera utilización da información persoal posterior ao acceso por parte dos concelleiros debería estar igualmente fundamentada nunha finalidade lexítima.

Así mesmo de acordo co principio de integridade e confidencialidade (artículo 5.1.f) do RGPD os datos persoais serán tratados de tal maneira que se garanta unha



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2024 11:23	Páxina 2 de 4
1720-1102	CSV: AEA159-EE38DF-47478B-3Y522D-X1MS3D-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SECRETARIA DE
GOBERNO LOCAL

CONCELLERIA DELGADA DE
ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE
VIGO



seguridade adecuada dos datos persoais, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas.

E por isto polo que esta Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal en uso das facultades atribuídas pola resolución de delegación de competencias de data 28.06.2024 en relación coa Resolución de data 20 de xuño de 2023 e en materia de solicitude de acceso a información dos concelleiros, **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude e facilitar ao concelleiro Fernando González Abeijón o acceso aos seguinte expediente 1459-1102 mediante a súa visualización.

SEGUNDO.- Advertir ao interesado, como membro da corporación, do deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lle faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que sirvan de antecedentes para decisións que se atopen pendente de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que lle poida ser facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo (16.3 do ROF). Así mesmo deberase respectar o principio de limitación da finalidade (artigo 5.1.b del RGPD) e o deber de integridade e confidencialidade (artigo 5.1.f del RGPD).

TERCEIRO.- Conceder ao interesado o acceso ao expediente mediante a súa visualización (trámite ACCUSU da xestión do expedientes) polo prazo de dous días hábiles contados dende o día seguinte a presente notificación.

CUARTO.- Contra esta resolución , e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente"

SGF



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2024 11:23	Páxina 3 de 4
1720-1102	CSV: AEA159-EE38DF-47478B-3Y522D-X1MS3D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL

**CONCELLERIA DELGADA DE
ÁREA DE SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS E
XESTIÓN MUNICIPAL**

CONCELLO DE VIGO



Vigo, na data que figura ao marxe deste documento electrónico

Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (Resolución da Alcaldía de data 30.06.2023 BOP nº 124 de data 28.06.2023).

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/10/2024 11:23	Páxina 4 de 4
1720-1102	CSV: AEA159-EE38DF-47478B-3Y522D-X1MS3D-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		